

As escollas electivas

Mais o lume que alampea, xamais o veredes morto. CEF

Xuñ 24 2012

Verónica Martínez Delgado

Published by [asescollase ectivas](#) at 19:14 under [Entradas](#)



Nomeada por:

[Miguel Ángel Alonso Díz](#)

[Alberte Momán](#)

Nomea a:

[Alberte Momán](#)

Olga Novo

[Marta Dacosta](#)

Begoña Paz

Rafa Villar

Paco Souto

Alberte Ferreiro

Xoán Abeleira

Mario Regueira

Igor Lugrís

Celso Fernández Sanmartín

Bio-bibliografía:

Verónica Martínez Delgado, de 1976, natural da Frouxeira (Valdoviño), praia de fortes mareas e infinita marca. Estudou Historia da Arte na USC.

Autora de diversos poemarios premiados, publicou, como poeta e narradora: *Desterrada ao meu corpo*, *Deshabitada e sen verugo*, *Cara a un solpor de gatos*, *O laarón de almas*; en obras colectivas: *Isto é un poema e hai xente detrás*, *En defensa do Póleiro*, *A voz de escritores galegos en Celanova*, *Somni de papel*, *Catro Contos*, *Sempre Mar*, *A ciadade na poesía galega do século XXI*, como ensaista: X.M Tomé, *Breves notas sobre a historia da arte aplicadas á intervención sociocomunitaria*, *I Encontro Internacional de Arte e Natureza*, *A intervención didáctica nos DEAC*; alén de participar en libros de carácter colectivo, en numerosas publicacións periódicas, en multitud de recitais, conferencias, sempre relacionados coa poesía e a literatura galegas.

Poética (espazo libre no que expresar a túa reflexión en canto á poesía):

Não sou un intelectual, escrivo con o corpo.

Clarice Lispector.

O que escribo é ante todo sincero.

Falo de mundos oníricos, ferentes e cotiáns.

Adoita tratarse dunha poesía sensorial, emotiva, chea de imaxes, a arte e a natureza son referencias constantes na voz que fala, e de paisaxes vividas e de saliva. Sempre hai un momento, para as obsesiós, para a liberdade, para a beleza, para o erotismo, para recordar con nostalxía o pasado e o futuro perdido. A emoción vólvese concepto no tacto.

É intenso o achegamento á esencia do visible, á mestura entre dor e pracer, á paixón sen medida ata acadar o desbordamento da escrita.

Normalmente escribo dun modo moi pouco profesional, cando xa non me resta outro modo de expresarme, e serve como catarse, como evolución ou involución pero cara adiante, mirando de fronte á luz, a luz devastadora desde a consciencia.

Poemas:

Afondo

coas mans

na terra

recoñecéndome

da estirpe

das mulleres

que pariron

en silencio,

de pé,

na corte,

sobre a herba seca.

Nados á volta

de cada marea.

Agora,

-tan só muller-

quen
de foder
enriba de todas as mesas,
sobre as alfombras,
contra o frigorífico,
na terraza...
como único xeito de comunicación
porque

o silencio

pobóao todo.

Mais erguereime
mañá
orgullosa e satisfeita
deste corpo de muller
que me cingue.

Thorndike e nós

Abrín
a caixa de problemas
instintiva e inmediatamente
ao non sentir
o teu alento
na caluga.

Dende
o centro
da gaiola da *musa*
padecía
a liberación
de todos os teus gatos famélicos.